



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia económica de España

Materia	Historia económica de España			
Código	V03G100V01906			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Vallejo Pousada, Rafael			
Profesorado	Vallejo Pousada, Rafael			
Correo-e	vallejo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
A3	Coñecer o marco institucional da economía
A4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
A5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
A7	Comprender o entorno empresarial
A8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
A9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
A10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
B1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
B2	Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable
B3	Capacidade de traballar en equipo
B4	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
B5	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
B6	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
B8	Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional
B13	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
B15	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas.	A2
- Coñecer o marco institucional da economía.	A3
Coñecer o perfil cambiante das institucións e axentes que influíron nos resultados da economía española contemporánea: Estado, particulares e empresas e sector exterior (outras nacións)	A3
	A4
	A5
- Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica.	A4
Identificar as etapas da evolución económica da España contemporánea e as súas principais características	A4
	A5

Comprender as bases de funcionamento da economía en cada unha das etapas significativas do desenvolvemento económico contemporáneo.	A4 A5 A7
- Habilidades na busca, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido	A8
Coñecer e manexar a materia prima para estudar a Historia Económica española: estatísticas e fontes documentais fundamentais	A4 A5 A8
Analizar series históricas e inferir os comportamentos dos principais axentes económicos ante a evolución real (ou hipotética) das variables económicas	A4 A5 A9 A10
Fomentar a actitude crítica e autocrítica	B1 B2
Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais, éticos e medioambientais	B1 B2
- Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos	B4 B5
Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto oral coma escrita, no idioma propio e nunha lingua extranxeira	B6 B8
- Capacidade de traballar en equipo, con responsabilidade, planificación, espírito de cooperación e empatía co resto de persoas do colectivo.	B3 B5 B13 B15

Contidos

Tema	
1. A dotación de recursos da economía española e etapas do crecemento económico español nos séculos XIX e XX.	- Os recursos naturais. - O factor humano: cantidade e calidade. - Factores institucionais. - Rasgos principais das etapas do crecemento económico.
2. A crise do antigo réximen e a revolución liberal (1789-1840)	- Crise conxuntural ou crise estrutural? - Principais desequilibrios da economía española: exterior e fiscal. - Resposta da economía española ante a crise: reorientación e reformas. - Política de reformas (cambio institucional): reforma agraria liberal e liberalización económica.
3. A difusión da revolución industrial (1840-1890)	- A apertura ao exterior da economía española. - Os medios de transporte: a importancia económica do ferrocarril. - Rasgos e funcións esenciais do sistema financeiro na economía do período. - Importancia da minería non enerxética e déficit da minería enerxética. - Principais sectores industriais: factores de desenvolvemento e limitacións. - Ritmo e nivel da industrialización española: converxencia ou diverxencia industrial.
4. A viraxe nacionalista (1891-1914)	- Unha estratexia de desenvolvemento nacionalista - Causas e efectos da crise agraria finisecular. - A viraxe da política comercial: proteccionismo agrario e proteccionismo industrial. - Guerra de Cuba e Facenda pública: axuste financeiro e reforma fiscal de Villaverde. - A segunda revolución industrial en España: a formación da gran empresa moderna, Enerxía eléctrica e industrialización (un círculo virtuoso). - Diverxencia: un debate historiográfico.
5. A idade de Prata da economía española (1914-1936).	- Os ciclos da economía: expansión e crise. - Crecemento e desigual distribución dos beneficios da Primeira Guerra Mundial. - Configuración dunha estrutura institucional protectora e interventora. - Política fiscal expansiva, programa de obras públicas da Dictadura e crecemento industrial. - O salto histórico na industrialización. - O reformismo social durante a República: reforma sociolaboral e reforma agraria.

6. O illamento da economía internacional: Guerra Civil e Autarquía (1936-1951).	<ul style="list-style-type: none"> - A economía de guerra: Factores económicos da resolución da guerra e as sus consecuencias económicas. - Efectos distributivos do contrarreformismo social do primeiro franquismo. - Financiación das debidas (exteriores e interiores) da guerra. - O "desastre económico" do primeiro franquismo. - Caracterización do intervencionismo durante a autarquía e os seus efectos. - O sector exterior durante a década de 1940: política comercial e cambiaria.
7. A industrialización substitutiva de importacions (1951-1959)	<ul style="list-style-type: none"> - Diferencia entre autarquía e industrialización vía substitución de importacions. - Inicio da ruptura do aillamento internacional dende 1950 e a axuda americana. - Tímida liberalización económica: relaxación do intervencionismo económico. - A estruturación dun capitalismo nacional. - Crecemento e transformación na estrutura da economía española. - Desequilibrios macroeconómicos, Plan de Estabilización e liberalización económica en 1959.
8. A Idade de Ouro: Reintegración na economía internacional (1960-1973).	<ul style="list-style-type: none"> - Un novo modelo de desenvolvemento económico: apertura comercial e apertura financeira. - Turismo exterior, remesas, investimentos estranxeiros e crecemento económico. - Crecemento industrial e cambio estrutural. - Crise da agricultura tradicional. - A planificación indicativa ("Planes de Desarrollo") e crecemento económico. - As malformacións da economía española.
9. A Crise económica, a transición política e a economía na democracia (1974-2000).	<ul style="list-style-type: none"> - A crise económica: principais desequilibrios macroeconómicos. - Política económica fronte os desequilibrio: Pactos da Moncloa, 1977. - Configuración do Estado do bienestar entre 1975 e 1985. - Crise industrial diferencial e reconversión. - Crise bancaria e saneamento financeiro. - Ciclo europeo da economía española: integración institucional, efectos reais, converxencia nominal, políticas de reforma institucional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Seminarios	15	30	45
Titoría en grupo	5	10	15
Probos de tipo test	0	3	3
Informes/memorias de prácticas	0	12	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos de cada un dos temas do programa.
Seminarios	Seminarios, en forma de sesións prácticas sobre temas ou partes seleccionadas do programa, co obxectivo de preparar o estudantado para a realización de intervencións. Esixirá lectura, redacción dun traballo, exposición e defensa, con debate, sobre o mesmo.
Titoría en grupo	Esixe a selección, por parte do profesor, de cuestións clave, a tratar pola súa importancia ou dificultade, e a elaboración, por parte dos alumnos, dun esquema de dúbidas e preguntas sobre esas cuestións clave. Tamén servirá para resolver dúbidas xerais sobre os contidos ou as prácticas da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Ademais das resolucións das dúbidas xurdidas como resultado do traballo en grupo, o profesor atenderá as cuestións particulares que lle presente cada un dos alumnos e alumnas, en relación aos contidos teóricos da materia, ás prácticas e o proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Sesión maxistral	A avaliación desta asignatura, na parte teórica, faráse a través dun exame final, que esixe a resposta a preguntas sobre os contidos teóricos e prácticos da materia, na que se porán a proba os coñecementos e habilidades adquiridas na mesma.	70
Seminarios	Nos mesmos desenvolveráse un traballo práctico consistente na lectura dun tema ou parte dun tema, redacción informe ou síntese, exposición e defensa durante o seminario.	20
Probas de tipo test	- As prácticas dos seminarios darán lugar a probas curtas, tipo test (de preguntas con resposta múltiple). (10% da nota final)	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A nota resulta de: a) Un exame final no que se valoran o coñecemento dos contidos e as habilidades adquiridas durante o curso: 70% da nota; b)) Traballo práctico, desenvolvidos de forma continuada nos seminarios, e test derivados destas mesmas prácticas (30% da nota).

2. A calificación correspondente á avaliación continua (30% da nota final) gardarase para todas as convocatorias do presente ano académico 2012/2013.

Bibliografía. Fontes de información

Carreras, Albert; Tafunell, Xavier, **Historia Económica de la España Contemporánea**, 2010,
Carreras, Albert; Tafunell, Xavier, **Estadísticas Históricas de España**, 2005,

BIBLIOGRAFIA

Bibliografía básica

Carreras, A. e Tafunell, X., *Historia Económica de Obras xerais*

Artola, M. (dir.), *Enciclopedia de Historia de España*, Madrid: Alianza Editorial, 1988.

Anes, G. (ed.), *Historia económica de España. Siglos XIX y XX*. Barcelona: Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores, 2000.

Barciela, C., López I., Melgarejo J. y Miranda J. A., *La España Liberal (1868-1913)*, colec. Historia de España tercer milenio, Madrid: Síntesis, 2001.

Fusi, J.P. e Palafox J., *España: 1808-1996. El desafío de la modernidad*, Madrid: Espasa, 1997.

Broder, A., **Historia económica de la España contemporánea**, Madrid: Alianza. 2000.

Nadal, J., Carreras A. y Sudriá C. (eds.), *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*, Barcelona: Ariel, 1987.

García Delgado, J. L. (dir.), *España. Economía*. Madrid: Espasa Calpe, 1993.

González Enciso, A. y Mates J.M., *Historia Económica de España*, Madrid: Ariel Economía, 2006.

Germán, Luis, Enrique Llopis, Jordi Maluquer, Santiago Zapata (eds.), *Historia económica regional de España: siglos XIX y XX*, Barcelona: Crítica, 2001.

Sánchez Albornoz, N. (comp.), *La modernización económica de España, 1830-1930*, Madrid: Alianza, 1985-1987.

Tortella, G., *El desarrollo de la Escosura, L., De imperio a nación. Crecimiento y atraso económico en España (1780-1930)*, Madrid: Alianza, 1988.

la Escosura, L., *El progreso económico de España (1850-2000)*, Bilbao, Fundación BBVA, 2003.

Ringrose, D.R., *España, 1700-1900: el mito de un fracaso*, Madrid: Alianza, 1994.

Varios Autores: *Nuevas corrientes en Historia Económica española, Papeles de Economía Española*, 73. 1997.

Carreras, Albert; Tafunell, Xavier; *Estadísticas Históricas de España*, 3 volúmenes, Fundación BBVA, 2005.

Recomendacións

Outros comentarios

1. Aconséllase un traballo regular, sistemático, ao longo do cuadrimestre, tanto no referente aos contidos teóricos, transmitidos nas clases maxistras, como nos traballos de seminario.

2. Os alumnos e alumnas terán en conta que se avaliará, por un lado, a participación nos seminarios e os traballos e probas prácticas (30% da nota final), e os coñecementos teóricos adquiridos a través do exame final (70% da nota final).

3. Na parte práctica, como na teórica, será especialmente tido en conta o interese demostrado e a calidade das intervencións, ben sexa dentro dos grupos de traballo que se formen, ben individualmente.

4. Titorías individuais: Martes, 12-14 horas. Venres: 11:30-13 horas.
